

A CULTURA É UN DEREITO



↳ DACORUNA.GAL



QUINTANO DAS ARTES

Auditorio Afonso Eanes do Cotón

NEGREIRA



PROGRAMACIÓN

Outono das Artes 2025

Público Adulto
Público Infantil

AUDITORIO AFONSO EANES DO COTÓN



Deputación
DA CORUÑA



/ Teatro /

MORRAOCONTO TROMSØ

20 SETEMBRO

21.00 h

Negreira

Auditorio Afonso
Eanes do Cotón



3€



Deputación
DA CORUÑA



/ Danza /

LABORATORIO ESCÉNICO

BLUES DE MEDIANOITE

3 OUTUBRO

21.00 h

Negreira

Auditorio Afonso
Eanes do Cotón



3€



Deputación
DA CORUÑA



/ Teatro /

PÉREZ & FERNÁNDEZ Nanai da China

25 OUTUBRO

18.00 h

Negreira

Auditorio Afonso
Eanes do Cotón



3€

TICKET

Venda anticipada en www.woutick.es
ou na Delegación de Cultura de luns a venres



cultura
CONCELLO DE NEGREIRA



Entradas en:
woutick.es

AUDITORIO AFONSO EANES DO COTÓN

Tromsø

Morraoconto

DURACIÓN: 80 min

CLASIFICACIÓN: TEATRO/MÚSICA

21:00 h

20
Setembro
Sábado

TRO-
MSØ



Público Adulto

+16 anos

SINOPSE

Cando un ser querido nos deixa, o baleiro que queda énchenos dun silencio que, ás veces, nunca conseguimos facer desaparecer. Un silencio que se aferra ao corazón apagando para sempre parte da súa luz.

Tromsø é unha reflexión en clave de humor dende a perda. Sobre a vida, a morte e todo o que queda entre medias. É un canto á tristura pero tamén á esperanza. Unha viaxe épica polos mares do norte, navegando tormentas, fiordes e enormes cardumes de arenque, naprocura dun lugar onde tirar pola borda esa pena que se alimenta da alma e deixalaafundir, dunha vez por todas, na inmensidade azul.

Nun lugar onde as candorcas, co seu canto, desgarran o silencio salvaxe da aurora boreal.



AUDITORIO AFONSO EANES DO COTÓN

Blues de Medianoite

Laboratorio Escénico S. Coop. Galega

DURACIÓN: 60 min

CLASIFICACIÓN: DANZA/MÚSICA

21:00 h

03

Outubro
Venres



Público Adulto

+12 anos

SINOPSE

Cando cae a noite e entra a melodía, acéndense as luces para min **Blues de Medianoite**. Versión Estendida, entra, a ritmo de blues, no misterio e a sensualidade da noite, achegándonos ás raíces negras no movemento e na música, nunha viaxe no tren clandestino que conduce á liberdade. Pon en valor ás grandes damas do blues e a riqueza rítmica que ven directamente de África, sempre dende un filtro persoal. Isto é, o NOSO Blues.

É un espectáculo multidisciplinar (danza, música e teatro) que transita entre o formato escénico e formato concerto. É un espectáculo feminista, que parte do histórico para chegar á intimidade de cada persoa, recreando a poética do imaxinario propio deste xénero musical, grazas á luz, que nos traslada ó club, ó tren, ó cruce de camiños...

Con Alba Fernández (danza e teatro), Marian Ledesma (voz e teclado), Julio Cuns (guitarra), Juan Tinaquero (contrabaixo e baixo eléctrico), Bruno Couceiro (batería), Alfonso Castro (luz e guitarra)
Creación, dirección e interpretación: Alba Fernández

AUDITORIO AFONSO EANES DO COTÓN

Nanai da China

Pérez & Fernández

DURACIÓN: 60 min

CLASIFICACIÓN: MONICREQUES

18:00 h

25

Outubro
Sábado



Público Infantil

SINOPSE

Nanai naceu unha noite sen lúa. Os seus veciños e veciñas rexéitana dende que nace, por pura superstición. Ela só sabe dicir que non, e axudar ao seu avó a cultivar o arroz máis delicioso desta beira do río Yangtsé en compañía de Chispúm, un simpático búfalo de auga. Para loitar contra a estúpida superstición da xente Nanai e o seu avó elaboran un plan que non sempre sae tan ben como imaxinaron.

Nanai da China é un espectáculo de teatro para público familiar onde os títeres e os actores se fusionan para representar un conto orixinal cheo de maxia, aventuras e humor. A peza foi gañadora do Premio María Casares 2024 na categoría de **monicreques**.

AUDITORIO AFONSO EANES DO COTÓN

AS DESTERRADAS

Produccións Teatrais Excéntricas

DURACIÓN: 95 min

CLASIFICACIÓN: TEATRO

Decembro

EXCÉNTRICAS PRESENTA

AS DESTERRADAS

DE CARME VARELA

Dirección Quico Cadaval +



Público Adulto

+13 anos

SINOPSE

No século XVI, unha pequena comunidade de monxas á beira do Miño vese ameazada pola cobiza da xerarquía eclesiástica. Os señores da Igrexa, para rematar coa resistencia das freiras non dubidan en difamalas e ameazadas por todos os medios, dende o tribunal da Inquisición á violencia das mesnadas señoriais. Carme Varela reconstrúe nun thriller conventual aqueles tempos de resistencia das comunidades de mulleres autosuficientes e poderosas. A vida parece continuar coas súas rutinas de rezos, bordados e melindres, mais a negra sombra da ameaza exterior abátese sobre o convento de Albeos. A heroica resistencia daquelas freiras chega agora encarnada nun elenco que conforman Belén Constenla, Melania Cruz, Rocío González, Rebeca Montero, Patricia Vázquez e Víctor Mosqueira iluminadas por Laura Iturralde e dirixidas por Quico Cadaval.

Autoría: Carme Varela Dirección: Quico Cadaval Elenco: Belén Constenla, Melania Cruz, Rocío González, Rebeca Montero, Patricia Vázquez e Víctor Mosqueira. Espazo lumínico: Javier Gey Deseño de vestuario: Celia Sineiro Espazo sonoro: Piti Sanz Vídeo: Sonia García Axudante de dirección: Mon Serodio Deseño gráfico: Javier de la Rosa Fotografía: Sabela Eiriz Xefe de produción: Rubén G. Pedrero



NORMAS E INSTRUCIÓNS

VENDA DE ENTRADAS

Venda anticipada en www.woutick.es ou na Delegación de Cultura de luns a venres en horario de mañan.

No Centro Sociocultural o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo (de haber entradas disponibles).

A venda de entradas pechará con estrita puntualidade cinco minutos antes da hora prevista de comezo do espectáculo. Unha vez comezado o espectáculo ninguén poderá acceder á sala.

Non se admiten cambios ni devolucións.

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E ACCESO AO RECINTO

Solicítase a máxima colaboración para anticipar a hora de chegada e así evitar colas a última hora que produzan o atraso do comezo do espectáculo.

As portas de acceso abriranse 15 minutos antes da hora prevista do comezo do espectáculo.

TODO o público deberá contar con entrada, independentemente da idade ou de ocupar ou non butaca. Non poderá acceder a o recinto ninguén sen entrada para poder computar a capacidade efectiva por razóns de seguridade e conforme a o aforo dos recintos. A capacidade é única e compútase por persoas, non por butacas ocupadas.

A organización informa, nos programas editados para a difusión de cada programación, das idades recomendadas para determinados espectáculos, e solicítase que na medida do posible se respecte esta recomendación de cara a garantir o seu bo desenvolvemento.

Nos espectáculos programados quedan reservados todos os dereitos de imaxe e propiedade intelectual. As persoas portadoras da entrada non poderán introducir cámaras de fotografar, de vídeo ou gravadoras; tampoco poderán, nin filmar ou gravar o espectáculo sen autorización escrita do organizador; en todo caso, actuarase conforme os acordos e a lexislación vixente que corresponda.

Para máis información consultar na páxina web do concello de Negreira www.concellodenegreira.gal o na Delegación de Cultura no teléfono **676 454 879** ou no correo electrónico marcos.perez@concellodenegreira.es